Sesión música infantil do 30 marzo ao 03 de abril

As sesión de música están deseñadas como propostas para facer na casa coas vosas fillas e fillos, procurando sempre que precisen o mínimo material posible para respectar as posibilidades e realidades de todas as familias. Ademais, entendo que estamos nunha situación excepcional e que en cada casa se vivirá todo isto dun xeito diferente. Uns poderán adicarlle moito tempo e recursos as súas fillas e fillos, e outros non tanto.

Moito ánimo e apertas a tod@s @s nen@s do CRA e as súas familias.

1º Audición de Viva a Primavera de Pablo Díaz.
https://www.youtube.com/watch?v=HWfQtr2bQaM&list=OLAK5uy_nCXTZl57463IeKml-kghrv_SsJI3nxpKo&index=2

-Gustouche a canción? por que sí/non? Coñecías a Pablo Díaz? Pablo Díaz, que estivo o ano pasado ofrencendo un concerto para o alumnado do CRA, é un músico galego moi coñecido polo seus traballos de música para nenas e nenos. Se queredes escoitar máis cancións del podedes atopalas na súa canle de youtube:
https://www.youtube.com/channel/UCyx-95DO4zaqEf8DlaEZKzg/featured

-Recoñeces algún instrumento? **Guitarra.** A guitarra é un instrumento de corda. Lembras que instrumento de corda escoitamos a semana pasada? **O Violín.**

2º Cantamos e dramatizamos.

-Escoitamos de novo a canción e acompañámola cantando e facendo como se tocaramos a guitarra. O retrouso (parte da canción que se repite sempre igual e coa mesma letra) é moi sinxelo de aprender: "*Viva a primavera, cando chega o sangue altera".*

-Cantamos de novo seguindo estas ordes: cantamos coa boca pechada, cun lapiz entre os dentes, coa boca aberta sen poder pechala, cos ollos pechados...Será o adulto o que vaia dando as indicacións para cambiar o xeito de cantar.

3º Xogamos coa intensidade e co tempo.

_____-Reproducimos a canción e movémonos/bailamos adaptando os nosos movementos á música. A canción comeza suave e lento e progresivamente vai aumentando a intensidade e a velocidade.
Na cova do rei da montaña-Edvard Griehttps://www.youtube.com/watch?v=kLp_Hh6DKWc

4º O corpo como instrumento.

_____-Cantamos a seguinte canción acompañándoa con percusión corporal.
https://drive.google.com/file/d/1iBiOWr_-mZpwQ8J2q_HjkG33X3CjQLKW/view?usp=sharing

UN, DOUS, TRES! UN, DOUS, TRES! (cantamos e tocamos forte)
UN XIGANTE QUERO SER! (cantamos e tocamos forte)
Un, dous, tres. Un, dous, tres. (cantamos e tocamos suave)
Un ananiño tamén. (cantamos e tocamos suave)

5º Recoñecemos instrumentos de corda https://www.youtube.com/watch?v=Ieuxuvo3wF0

-Primeiro vemos o vídeo e escoitamos como soan os diferentes instrumentos de corda. Logo dicimos un instrumento e a nena ou o neno ten que imitar o son do instrumento e a maneira na que se toca cada un deles.

6º RETO DESTA SEMANA!!

_____-Temos que aprende a canción Sabes contar ata cero? de Avelino González
https://www.youtube.com/watch?v=PFt7WnF87Ts&t=15s